


PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA



(os símbolos pictográficos empregados son propiedade do *Goberno de Aragón* e creados por Sergio Palao para ARASAAC (<http://www.arasaac.org>), que os distribúe baixo a *Licencia Creative Commons BY-NC-SA*)

[Versión 1.0_maio 2024]



Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. MARCO NORMATIVO.....	3
3. CONTEXTUALIZACIÓN E ANÁLISE.....	4
4. OBXECTIVOS (xerais e específicos).....	7
5. ACTIVIDADES.....	7
6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS, COORDINACIÓN, PUBLICIDADE E DIFUSIÓN.....	8
7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	8
8. AVALIACIÓN.....	8
ANEXO I.....	10



1. INTRODUCCIÓN

A *Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación*, recolle no seu preámbulo que para a sociedade, a educación é o medio de fomentar a convivencia democrática e o respecto ás diferenzas individuais, de promover a solidariedade e evitar a discriminación, co obxectivo fundamental de lograr a necesaria cohesión social. Nese senso, a alínea k) do artigo 1, reflicte como un dos seus principios a educación para a convivencia, o respecto, a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e en especial no do acoso escolar e ciberacoso co fin de axudar ao alumnado a recoñecer toda forma de maltrato, abuso sexual, violencia ou discriminación e reaccionar fronte a ela.

Os *Reais Decretos 95/2022 e 157/2022*, de infantil e primaria, respectivamente, reflicten que os obxectivos de formación en competencia cidadá deben contar con modelos de aprendizaxe que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas para a resolución pacífica e dialogada de conflitos.

O *DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia* e o *DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* desenvolven e concretan curricularmente a competencia cidadá (CC) a través das diferentes áreas de coñecementos e materias.

De conformidade coa *ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia*, a Dirección do centro nomea a D^a. Alexia Aguiar Vázquez como a persoa coordinadora de benestar e convivencia.

2. MARCO NORMATIVO

O presente documento baséase, e toma como referencia, a normativa vixente que se cita deseguido:

- ***Declaración Universal de Dereitos Humanos***, proclamada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1948.
- ***Convención dos Dereitos do Neno***, ratificada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1989.
- ***Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade***, de 2006.
- ***Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e loita fronte á violencia contra as mulleres e á violencia doméstica***, coñecido como ***Convenio de Istambul (2011)***, ratificado polo Estado español. (BOE, 06/06/2014; n.º 137)
- ***Declaración de Incheon para a Educación 2030***, aprobada no *Foro Mundial sobre educación (2015)*.
- ***Estratexia Europea pola Igualdade de Xénero 2020-2025***.
- ***Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero***.
- ***Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación***. (BOE, 04/05/2006; n.º 106)
- ***Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación*** (BOE, 30/12/2020; n.º 340).



- **Real Decreto 95/2022, de 1 de febreiro**, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas na Educación Primaria (BOE, 02/02/2022; n.º 28)
- **Real Decreto 157/2022, de 1 de maio**, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas na Educación Primaria (BOE, 02/03/2022; n.º 52)
- **Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño**, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia. (BOE, 05/06/2021; n.º 134)
- **Lei 15/2022, do 12 de xullo**, integral para a igualdade de trato e a non discriminación. (BOE, 13/07/2022; n.º 167)
- **DECRETO 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 09/09/2022; n.º 172)
- **DECRETO 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 26/09/2022; n.º 183)
- **Lei 11/2007, do 27 de xullo**, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. (DOG, 07/08/2027; n.º 152)
- **Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa. (DOG, 15/07/2011; n.º 136)
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade. (DOG, 21/12/2011; n.º 242)
- **Lei 2/2014, do 14 de abril**, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. (DOG, 25/04/2014; n.º 79)
- **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro**, que desenvolve a Lei 4/2011. (DOG, 27/01/2015; n.º 17)
- **Resolución do 3 de xullo de 2018**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o apoio á creación e ao funcionamento das escolas de nais e pais reguladas pola Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencias e participación da comunidade educativa. (DOG, 07/08/2018; n.º 150)
- **Instrución do 6 de setembro de 2019**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- **ORDE do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG, 26/10/2021; n.º 206)
- **ORDE do 23 de agosto de 2023** pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia. (DOG, 31/08/2023; n.º 165)
- **ESTRATEGIA galega de convivencia escolar 2025**

3. CONTEXTUALIZACIÓN E ANÁLISE

O CEIP Plurilingüe Bragade está situado na localidade de Cesuras no concello de Oza-Cesuras, que posúe un territorio de 151,62 km² e encóntrase na área interior da provincia da Coruña, ao sur de Betanzos: limita ao norte co concello de Betanzos e Coirós, ao sur con Mesía e Curtis, polo leste con Aranga e ao oeste con Abegondo.



No tocante á ampliación de información do centro, pódese remitir a diferente documentación dispoñible e publicada na páxina web oficial deste, dentro do apartado denominado *documentos e impresos* (endereço URL e ligazón: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcesuras/documentos>).

Segundo as últimas investigacións publicadas no noso país e en concreto na nosa comunidade, o maltrato entre iguais, sexa presencial ou dixital, as condutas inapropiadas na aula ou violencia de baixa intensidade e a discriminación por xénero son as formas de violencia que se dan con máis frecuencia entre o alumnado.

Este centro é consciente da enorme incidencia que o clima escolar ten sobre as aprendizaxes e o benestar (e por tanto o éxito do alumnado). Nese senso, todas as accións propostas no noso centro e enmarcadas dentro deste plan, parten da premisa de construír espazos de convivencia.

Respecto a análise da realidade da convivencia no noso centro, pártese de ter feitas diversas reflexións e debates, tanto na totalidade do profesorado coma no Claustro de mestres/as, así como no Consello Escolar. Podemos subliñar, despois desta análise o bo clima que, con carácter xeral, existe neste centro, pero non por iso se debe obviar e/ou minimizar os distintos problemas que aparecen habitualmente no tocante á convivencia e aos que debemos prestar a maior atención posible.

O Equipo de Convivencia pretende transmitir ao resto da comunidade educativa a importancia da prevención e a visión positiva do conflito. Asumir as imperfeccións, os problemas e os conflitos cunha adecuada xestión, ao mesmo tempo que se aprende das experiencias vitais, permitirá que o centro como conxunto avance tamén na construción dunha correcta convivencia con realidades e situacións pacíficas, imperfectas pero cada vez menos violentas e tensas; é dicir, cómpre cultivar a convivencia escolar como motor do progreso educativo.

◆ **Análise do perfil da convivencia en Educación Infantil:**

Na etapa de Educación Infantil, en xeral, hai boa convivencia. Entre as nenas e os nenos é moi boa, tanto entre os da mesma aula como cos outros niveis, sen contar os pequenos conflitos que xorden entre elas e eles, froito da convivencia e moi habituais nestas idades. A relación entre o profesorado e alumnado tamén é moi boa así como coas familias. Nesta etapa, segundo esta análise da realidade, adóptanse medidas de carácter preventivo, xa que non se observan situacións preocupantes.

As accións correctoras empregadas baséanse, sobre todo, no traballo diario co alumnado, realizado polo persoal titor e tamén no traballo coas familias, xa que na etapa de infantil tense un contacto diario e directo con elas. A comunicación é vital para traballar na mesma liña, escola e familia.

◆ **Análise do perfil da convivencia en Educación Primaria:**

Na etapa de Educación Primaria, non se dan neste centro grandes conflitos ou alteracións da convivencia significativas. A maioría das actividades (tanto lectivas coma complementarias), agás pequenas excepcións, realízanse nun clima sereno, de respecto, de harmonía e sempre atendendo ás normas establecidas. As situacións que perturban o axeitado desenvolvemento das actividades nas aulas ou no centro son, habitualmente, pouco significativas e de pouca



gravidade, mais non por iso se deixa de manter unha actitude de escoita e prevención para evitar que pequenos desencontros xeren un clima negativo para a convivencia.

- ◆ **Concreción das situacións máis preocupantes para o profesorado de infantil e primaria:**
 - ✓ Clara falta de escoita activa e hábitos básicos de comportamento, actitude e outros no centro por parte de cada vez máis alumnado; *ergo*, parte deste ten normalizado que se lle teña que repertir a mesma indicación varias veces para que comece facer algún efecto de reacción.
 - ✓ Certa normalización de falta de respecto ao persoal non docente por parte dalgún alumnado, especialmente nalgunhas ocasións ou "épocas".
 - ✓ Algún/ha alumno/a eventual que puider estar só no patio, obsérvase nel/a falta de habilidades sociais para relacionarse co resto.
 - ✓ Outra situación cotiá que se ven observando e repetindo con frecuencia nos últimos anos son os conflitos entre o alumnado que xoga o fútbol no momento do recreo e a mala xestión, en xeral, por parte do alumnado participante destas situacións.
 - ✓ Algunhas conductas de agresión verbal e normalización de, por exemplo cancións e/ou vídeos con contido explícito de carácter machista, sexual inaxeitado e/ou outro.

Ademais, de xeito completo e xenérico, unha análise DAFO permite analizar e descubrir o seguinte:

DEBILIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"> • Aumento do alumnado e diminución do profesorado no curso 2023/24. • Saturación de carga de traballo do profesorado para unha óptima implantación e seguimento do plan. 	<ul style="list-style-type: none"> • Publicidade, normalización e difusión en TV, internet, etc. de modelos e/ou condutas violentas (verbais e físicas) machistas, xenófobas, homófobas, etc. e todas aquelas que atentaren contra os principios de liberdade e dos principios do estado democrático e civilizado.
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> • Xestión de mediación e tratamento de aprendizaxe (previo e disuasorio en 1ª instancia antes de procedemento corrector) ante unha situación contraria á convivencia (envío previo informativo de <i>abalar</i>): bo porcentaxe de efectividade. • Histórico de concorrencia e práctica de proxectos que contribúen á mellora da convivencia escolar, a autoregulación e educación emocional e a inclusión: <ul style="list-style-type: none"> ○ EMOCIÓNNA-T (CPinclúe) ○ Como consecuencia da concorrencia, existencia da dotación dun orzamento <i>ad hoc</i>. 	<ul style="list-style-type: none"> • Mantemento e novas modalidades de convocatorias que potenciaren o fomento a xestión emocional, resolución e prevención de conflitos e malos hábitos (adiccións por ex.), etc.



4. OBXECTIVOS (xerais e específicos)

● **Obxectivos xerais:**

Os obxectivos xerais a acadar mediante a elaboración deste Plan concréntanse da seguinte forma:

- Formar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, e no exercicio da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos e de convivencia.

● **Obxectivos específicos:**

Os obxectivos específicos a acadar mediante a elaboración deste Plan concréntanse da seguinte forma:

- Dinamizar, xunto coa comisión de Convivencia establecida no centro, o Plan de Convivencia e Benestar, co fin de potenciar o seu coñecemento a toda a comunidade educativa.
- Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a resolución pacífica dos conflitos.
- Incrementar a presenza de contidos e actividades relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación, entre outros, de xeito transversal en todas as materias e áreas.
- Aproveitar cada situación anómala, de indisciplina, de comportamento, contraria á correcta convivencia como unha oportunidade de aprendizaxe para o alumnado implicado e para o resto, se for o caso.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e de calquera actitude e/ou comportamento xenófobo, racista, homófobo, etc. e de falta de respecto.
- Impulsar programas e/ou a concorrencia a programas ofertados polas administracións públicas, especialmente as de educación, daquelas iniciativas que promovan e/ou incentiven a posta en práctica de accións educativas que contribúan na mellora do clima escolar e na educación emocional e inclusiva de toda a comunidade educativa.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia no centro.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións da contorna que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos así como o respecto.
- Fomentar os uso de métodos alternativos e razoables na resolución pacífica de conflitos.
- Publicitar e difundir algunhas das actividades realizadas no centro relacionadas coa correcta convivencia e similares na páxina web e/ou RR.SS. do centro.
- Ofertar/Impartir, alomenos, unha charla anual formativa sobre a perigosidade e nocividade para a saúde de elementos tales como o alcohol, tabaco e as drogas e a súa prevención.

5. ACTIVIDADES

Neste apartado cítanse algunhas das actividades específicas (non constan as transversais curriculares das materias pola súa natureza) a desenvolver no centro en prol da consecución dos obxectivos relectidos no presente plan:

Nº	ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	PERSOAL ENCARGADO
1	ASEMBLEA INFANTIL (pequena xuntanza diaria a 1ª hora do alumnado de infantil onde o persoal titor traballar, entre outras, rutinas do aspecto	Todo o curso	-Persoal titor inf.



	da educación emocional e se traballan aspectos do correcto comportamento, actitude e convivencia sobre situacións vividas polo alumnado e dun xeito gráfico)		
2	ASEMBLEA PRIMARIA (xuntanza o 1º día de cada mes no salón de actos de todo o alumnado de pri. co profesorado e equipo directivo; a través dunha retroalimentación "sandwich" trátanse cuestións de educación e xestión emocional [ánimo e esforzo durante o curso] así como xestión e resolución de conflitos e outros que apareceren entre o alumnado do centro)	1º día lectivo de cada mes	-Coord.: Equipo Directivo e Coord. De Convivencia e Benestar -Profesorado Primaria

6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS, COORDINACIÓN, PUBLICIDADE E DIFUSIÓN

■ Recursos humanos e coordinación

Os recursos humanos do centro comprenden o equipo directivo, a persoa coordinadora de convivencia e benestar, o Dpto. de Orientación, o profesorado do centro e o persoal non docente (Consellería, comunidade educativa, ANPA e Concello de Oza-Cesuras e persoas monitoras das activ. Extr.).

A nivel organizativo xeral, a dinamización e supervisión da coordinación correspóndelle á persoa coordinadora de convivencia e benestar, quen será a ponte pola que pasará todo.

Entre os recursos materiais, recóllense (incluíndo o dixital, mobiliario, a publicidade e a difusión):

■ Recursos materiais, publicidade e difusión

- Calquera espazo en xeral e a aula de informática en particular
- Móbil e ordenador de centro para a publicación difusión das actividades
- Material funxible como folios e material de escritura e outros para as actividades de formación ou aprendizaxe
- Páxina web oficial (sección documentos e impresos www.edu.xunta.gal/centros/ceipcesuras/documentos) para a publicación do plan e outros que houber e RR.SS. (*Facebook, Instagram e Twitter*) do centro
- Taboleiro de anuncios e diferentes espazos do centro
- *Abalarmóbil* e servizo de mensaxería "*Whatsapp*" de centro (este último para mensaxería xenérica e/ou que non entre en coflito coa protección de datos)

7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Non todo o mundo avanza ao mesmo ritmo nin ten as mesmas dificultades: precisamente este é un plan que fomente e potencie evitar que alguén se puider sentir ou for excluído e/ou atacado. Por iso, no caso de alumnado que puider contar con NEE e/ou NEAE farase un especial esforzo e coidado en facilitar e adaptar os recursos existentes e a atención que foren precisos para, por un lado, posibilitar e facilitar a súa comprensión do traballado, e, por outro, o axeitado uso dos recursos materiais.

8. AVALIACIÓN

■ Seguimento



Ao remate do 1º e 2º trimestre realizarase un seguimento deste plan para comprobar o seu grao xeral de aplicación; ao final de curso este será máis exhaustivo e terá en conta os seguintes puntos:

○ **Indicadores de logro:**

Como parte dos obxectivos anteriormente propostos establécense os seguintes indicadores de logro:

	Indicador de logro	Grao de cumprimento <i>(moi alto/alto/medio/baixo/moi baixo)</i>
1	Cumpríronse os obxectivos xerais	
2	Cumpríronse os obxectivos específicos	
3	Leváronse a cabo as actividades do apdo. 5 deste plan	

○ **Grao de cumprimento:**

Tendo en conta os resultados acadados en base en relación aos indicadores de logro establecidos á hora da implantación deste plan establecerase o grao cumprimento:

Moi baixo	Baixo	Medio	Alto	Moi alto
-----------	-------	-------	------	----------

○ **Reflexión/Propostas de mellora:**

De cara ao vindeiro curso teranse en conta o seguinte: ...

O resultado final do seguimento, os indicadores de logro, o grao de cumprimento e as propostas de mellora reflectiranse na Memoria da Programación Xeral Anual en base ao modelo *Anexo I*.

Elaborado pola Dirección, a Xefatura do Departamento de Orientación, a Coordinación de Benestar e Convivencia do centro e o Grupo de Traballo C2305095-PFPP 2023/2024 do centro.

Vº bo e pr. polo Claustro de Mestres o 06 de maio do 2024.

Aprobado polo Consello Escolar o 06 de maio do 2024.

Enviado ao Servizo de Inspección Educativa o 06 de maio do 2024.

Asinado electrónicamente en Cesuras

O Director.

D. Israel Arranz Carreño



ANEXO I

AVALIACIÓN	
PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA	
Curso académico	

SEGUIMIENTO		
Trim.	Data reunión	Observacións do grao xeral de aplicación
1º		
2º		
FIN CURSO		

INDICADORES DE LOGRO		
Nº	Indicador de logro	Grao de cumprimento <i>(moi alto/alto/medio/baixo/moi baixo)</i>
1	Cumpríronse os obxectivos xerais	
2	Cumpríronse os obxectivos específicos	
3	Cumpríronse as actividades do apdo. 5	
4	...	
5	...	

GRAO DE CUMPRIMENTO XERAL <i>(moi alto / alto / medio / baixo / moi baixo)</i>	
--	--

REFLEXIÓN/PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao vindeiro curso:

